

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 5 de setembro de dous mil vinte e catro ; as nove horas e cinco minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.
Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 20 de agosto de 2024..

2.- OBRAS MAIORES.-

3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito presentado por **dona Berta Travieso González** solicitando acometida de auga en rúa Progreso 31-1º , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 1-8--2024 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por **dona Maria Paz Pérez Mein** solicitando acometida de auga en rúa Progreso 21-3º , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 6-5--2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por **don Rubén Rodríguez Castro** solicitando acometida de auga en Rúa Ribeiro 50 baixo , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno

Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso INDUSTRIAL, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 18-7-2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por **Alvarez Motor Ribeiro sl** solicitando acometida de auga en Carretera de Filgueira, Francelos s/n , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 22-8-2024 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

4 ESCRITOS OFICIAIS

5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS

FESTAS DO PORTAL 2024

Dase conta da proposta de Dona Yolanda Gomez Gómez como Concelleira de Cultura do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos musicais, fogos artificiais para as festas do Portal 2024.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adjudicar os contratos de espectáculos musicais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación do gasto que se describe:

ORQUESTA AMERICA, o día 7 de setembro de 2024 (13.500 máis I.V.E., Total: 16.335 euros).

ORQUESTA KUBO o día 6 de setembro de 2024 (11.500 euros máis I.V.E., Total: 13.915 euros).

ISABEL ALFONSO VAZQUEZ, alumeado artístico festas do Portal 2024, (6.910 euros máis I.V.E. Total: 8.361 euros).

PIROTECNIA JOSMAN, día 7,8 e 9 de setembro de 2024 (8.500 euros máis I.V.E., Total: 10.285 euros).

APROBACIÓN DE FACTURA

Dase conta á Xunta de Goberno Local da factura núm 965 de data 29.08.24, presentada pola Universidade de Santiago de Compostela, relativa a execución do proxecto denominado " Micropaisaxes do Concello de Ribadavia".

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a factura emitida pola Universidade de Santiago de Compostela co nº 965 de data 28.08.2024 pola cantidade de 29.965,65 euros.

2º Que se cumpriu a finalidade da subvención solicitada que foi a realización de actuación denominada "Micropaisaxes do Concello de Ribadavia".

3º Que se tomou razón na contabilidade municipal do importe da citada subvención.

4º Aprobar a Conta Xustificativa da subvención de acordo co a documentación adxunta.

5º.- Que a actuación desenvolvida conta coas autorizacións e licenzas urbanísticas e sectoriais necesarias para a súa realización.

ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Sendo necesario para o acaído coidado de cativos e cativas con anterioridade ao inicio do horario lectivo.

Carecendo o concello de Ribadavia do persoal necesario para a prestación do servizo con persoal propio.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público.

Visto o orzamento presentado por Centro de Ensinanza Bolboretas
Mónica Outumuro González

ACORDO

Contratar con Mónica Outumuro González o contrato de SERVIZO MADRUGADORES de setembro de 2024 a xuño de 2025 polo importe de 6978,5 euros.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

A recepción da notificación do presente acordo polo adxudicatario surtirá efecto como documento acreditativo da existencia do contrato sen necesidade de formalización.

ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVICIOS

Sendo necesario para cumprir o obxectivo de fomentar a conciliación da vida laboral e familiar de veciños e veciñas

Carecendo o concello de Ribadavia do persoal necesario para a prestación do servizo con persoal propio.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público.

Visto o orzamento presentado por Centro de Ensinanza Bolboretas
Mónica Outumuro González

ACORDO

Contratar con Mónica Outumuro González o contrato de servizos de CONCILIA TARDE de setembro de 2024 a xuño de 2025 polo importe de 5628,5 euros.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

A recepción da notificación do presente acordo polo adxudicatario surtirá efecto como documento acreditativo da existencia do contrato sen necesidade de formalización.

BASES DAS AXUDAS de MATERIAL ESCOLAR para educación infantil do concello de ribadavia (CURSO 2024/2025)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadavia, por unanimidade, presta aprobación as **Bases das axudas de material escolar para Educación Infantil**, para o curso escolar 2024/2025:

A. Beneficiarios.

Alumnado empadroado no Concello de Ribadavia e matriculado en Educación Infantil dentro dos Centros Educativos deste Concello, para o curso escolar 2024/25.

B. Baremo e cuantías.

Este baremo e cuantías está baseado nas necesidades de axudas de material escolar e material didáctico solicitado polos/as profesores/as de Educación Infantil para o curso 2024/25, quedando da seguinte forma:

➤ **CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA:**

3 anos:

A cuantía será de 50€

A cuantía será de 100€ (ás unidades familiares con ingresos inferiores ó 3 do IPREM 1.800€/mes)

4 anos:

A cuantía será de 40€

A cuantía será de 80€ (ás unidades familiares con ingresos inferiores ó 3 do IPREM 1.800€/mes)

5 anos:

A cuantía será de 45€

A cuantía será de 90€ (ás unidades familiares con ingresos inferiores ó 3 do IPREM 1.800€/mes)

➤ **CRA AMENCER:**

(3, 4 e 5 anos)

A cuantía será de 15€

A cuantía será de 30€ (unidades familiares con ingresos inferiores ó 3 do IPREM 1.800€/mes)

Se o longo deste curso escolar 2024/25, se incorporan alumnos/nas de educación infantil nos centros escolares de Ribadavia, poderán ter dereito a unha das anteriores opcións, sempre que cumpran os correspondentes requisitos.

C. Requisitos.

- Estar empadroad/a (proxenitores/as e neno/a) no Concello de Ribadavia na data de convocatoria da subvención e manterse como mínimo empadroados/as ata o 31 de decembro deste ano 2024.

- Estar matriculado en Educación Infantil en calquera dos centros educativos pertencentes o Concello de Ribadavia.

- No caso de familias con ingresos da unidade familiar que non superen 3 veces o IPREM (1.800€ mensuais), xustificante de ingresos. Neste suposto aportarase a factura de compra do material con firma e selo de pagado dun establecemento de Ribadavia.

D. Documentación a presentar.

- Solicitud

- Fotocopia do libro de familia

- DNI dos proxenitores ou titores legais.

- Nº de Conta IBAN, onde ingresar o importe da axuda concedida.

Os beneficiarios desta axuda no ano 2022 e 2023, estarán exentos de presentar a documentación anterior (excepto a solicitud que sí deberá presentarse).

No caso de unidades familiares con ingresos inferiores a ó 3 do IPREM (1.800€ mensuais):

- Fotocopia da declaración da renda referida ó exercicio 2023. En caso de non estar obrigados a presentala, deberá presentar un certificado negativo de Facenda.
- Xustificación de ingresos: nóminas, certificados de prestacións, pensións ou outros ingresos que perciban doutros organismos ou entidades.
- Factura dun establecemento con sede en Ribadavia, con firma e selo de pagado, que xustifique a compra do material.
- Calquera outra documentación xustificativa valorada polo Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

E.- Contía das Axudas.

O Departamento de Servizos Sociais informará o expediente de concesión da axuda. As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, tendo en conta as presentes bases.

F.- O prazo.

O prazo de presentación das solicitudes será do 12 ó 24 setembro de 2024

G.- Lugar de presentación.

A presentación de solicitudes realizarase no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

As referidas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, na web e/ou redes sociais.

APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA

En relación co suministro de "MAQUINA HIDROLIMPIADORA PARA DESATASCOS E LIMPEZA VIARIA CON REMOLQUE, CAPOTA E ACCESORIOS, actuación subvencionada o abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023, a Xunta de Goberno Local acorda:

a) Prestar aprobación a factura núm. 20241102301 presentada pola empresa Baygar S.L., de data 12.07.2024, por importe de 14.120,70 euros e que tomese razón en contabilidade da referida factura.

b) Que os gastos totais soportados imputables a actuación subvencionada son os seguinte:

Acreeador: Baygar S.L.

Número de factura: 20241102301

Importe: 14.120,70 euros.

Data da emisión: 12.07.2024

c) Que se cumpriu a finalidade da subvención solicitada .

d) Aprobar a Conta Xustificativa da subvención de acordo co a documentación adxunta.

E sendo as nove horas e trinta minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión.